

PREGUNTAS FRECUENTES SOBRE A ESO

1) Cantos anos dura a ESO?

Catro anos

2) Que materias novas hai na ESO en comparación coa Educación Primaria?

Unha 2ª lingua estranxeira (francés) , tecnoloxía e dixitalización, física e química, oratoria, cultura clásica ou educación plástica visual e audiovisual.

3) Cantas materias teño na ESO?

Entre 10 ou 12. Por exemplo, en primeiro de ESO tes estas materias: Bioloxía, xeografía e historia, educación física, educación plástica visual e audiovisual, lingua castelá e literatura, lingua galega e literatura, matemáticas, inglés, segunda lingua estranxeira, proxecto competencial/relixión católica, tecnoloxía e dixitalización.

3) Cal é o horario das clases no instituto?

De luns a venres a entrada é ás 8:30 e a saída é ás 14:15 horas.

4) Teño clase algunha tarde?

Si, o luns pola tarde tes dúas clases en horario de 16:30 ás 18:10.

5) Que pasa se suspendo máis de dúas materias?

Se suspendes tres ou máis materias repetirás curso.

6) Todos os alumnos e alumnas estudamos as mesmas materias?

O primeiro ano si pero conforme vaias subindo de nivel vas ter materias obrigatorias e optativas. Por exemplo: en 3º da ESO podes elixir entre cultura clásica ou continuar estudando unha segunda lingua estranxeira. Logo en 4º de ESO podes elixir entre varias materias.

7) Cantos profesores/as vou ter por curso?

De xeito xeral, vas ter unha profesora ou profesor distinto por materia. En primeiro da ESO talvez teñas dez ou once profesores diferentes.

8) En que consiste a hora de tutoría semanal?

É unha hora de tutoría á semana que imparte o titor ou titora e na cal se traballan aspectos como técnicas de estudo, valores, resolución de conflitos, habilidades sociais...